

Julio Carmona Barros, con D.N.I. [REDACTED], en calidade de vogal da xunta directiva da Asociación Pola Defensa da Ría (APDR), con local social na rúa San Xulián, nº 1, 1ª (36002 Pontevedra), con apartado de correos 414 (36080 Pontevedra) e con correo electrónico: apdr@apdr.info

EXPÓN:

Que a recente ampliación de antenas na torreta de telefonía móbil na Rúa Barxas nº 18 de Moaña, non edificio de telefónica, aumenta e concentra nunha zona residencial a contaminación electromagnética xerada polas antenas previamente instaladas en dita torreta, que se suman ás provocadas por un transformador e as liñas de alta tensión lindeiras.

Que ademais de non estar demostrada que a exposición a estas emisións electromagnéticas sexa segura nos niveis autorizados (baseados só no efecto térmico), cada vez son máis numerosos os estudos científicos que constatan o seu perigo (dende o Proxecto REFLEX, estudo multicéntrico da Comisión Europea realizado entre 2000 e o 2004 en 7 estados europeos concluíndo que unha exposición continuada á radiación da telefonía móbil nos niveis autorizados provoca efectos xenotóxicos –preámbulo potencial de enfermidades tumorais e dexenerativas– máis relevante na infancia e na vellez; ou o recente estudo publicado en xaneiro de 2008 encargado pola Manufacturers Forum –asociación internacional de fabricantes de telefonía móbil– á Universidade de Wayne (EUA) e o Instituto Karolinska (Suecia) que conclúe que as radiacións de telefonía móbil afectan ao estado do sono normal facilitando dor de cabeza, cansazo, confusión, depresión....

Que cada vez son máis os estados, administracións autonómicas e locais, institucións –coma a propia Axencia Europea de Medio Ambiente–, **investigadores, xudicatura** (retiradas de antenas base de telefonía móbil e transformadores por indicios razoábeis e significativos de ser un factor de risco), **asociacións de veciños, ANPAS, colectivos de afectados; que chaman a cumprir o Principio de Precaución** para compatibilizar novas tecnoloxías e saúde, previndo os potenciais efectos biolóxicos recollidos na extensa literatura médica e non contemplados na actual normativa estatal. (axuntamos manifestos anexos)

SOLICITA:

Información precisa sobre as antenas base de telefonía móbil da rúa Barxas nº 18 de Moaña:

-As Licenzas Municipais preceptivas (de obra maior e de actividade clasificada) e o informe técnico municipal sobre de que modo afecta á estrutura do edificio o conxunto actual de antenas e a torreta que lles dá soporte.

-Como se ve afectada dita torreta, instalada nun espazo moi visible e rechamante dende a vía pública, polas normas urbanísticas municipais actuais sobre estética urbana; así como a previsión de normas que o contemplen no futuro.

-Como se ve afectada dita torreta polas normas urbanísticas municipais actuais sobre espazo electromagnético, así como a previsión de futuras normas que regulando devandito espazo sitúen as antenas base de telefonía móbil atendendo ao principio de Precaución.

En Pontevedra, a 30 de xaneiro de 2008

Asinado: Julio Carmona Barros. Vogal da xunta directiva da APDR



ILMO. SR. ALCALDE DO EXCMO. CONCELLO DE MOAÑA